

# Resumo Consello de Goberno 21/12/2010

## Punto 1. Informe do reitor.

- O Claustro aprobou as liñas xerais do período 2011-2013. O orzamento que se presenta hoxe segue as liñas marcadas nese documento.
- O Consello Galego de Universidades aprobou o plan de financiamento 2011-2015 cun voto particular da Universidade da Coruña. Hoxe, día 21 ás 17 horas, asinase o dito "convenio". Porén, aínda hai marxe de negociación sobre a valoración dos indicadores.
- A UDC adquire a obriga de elaborar un plan de sostenibilidade cun control estrito do gasto. Este control será realizado pola Consellería de Facenda.
- O plan divide o período completo (2011-2015) en 3 tramos con negociacións intermedias: o primeiro abarcará o 2011, o segundo de 2011 a 2013 e o último comprende de 2013 a 2015.
- Valorouse o resultado das eleccións ao Claustro como bo.

## Informacións vicerreitores:

### Infraestruturas.

Diante das intervencións producidas no Claustro, ás que non puido asistir por motivos laborais, solicitando información relacionada coa obra do CITEEC quere informar de todo o procedemento que se seguiu.

En resumo, o custo total calcúlase nuns 7.500.000€. Durante a obra de cimentación apareceu un terreo diferente ao dos estudos o que obrigou a facer dous proxectos novos (un de 500.000€ e outro de 300.000€). Diante destas dificultades e retrasos determinouse que se necesitaba unha reprogramación, dándolle prioridade aos criterios funcionais, e dicir, priorizar a posta en marcha dos laboratorios, sobre os construtivos.

Fíxose un calendario coa empresa, o cal se incumpriu por parte da mesma. Hai problemas de execución material da obra porque as placas ceden máis do legal. A empresa financiará a mala execución da armadura.

### Jordi Delgado

Solicitou que o Consello de Goberno teña coñecemento do custo total da obra e dos prazos de execución. Para que exista máis control entende que debería poñerse en funcionamento unha Comisión de Infraestruturas que controle as obras que se realizan na Universidade.

### Xosé

Renuncia á palabra porque ía dicir practicamente o mesmo.

### Vicerreitor de profesorado:

Comentou que ese mesmo día se levaría ao Consello Social, para a súa aprobación, o II Convenio Colectivo de PDI Laboral.

### Vicerreitora de Investigación:

O 17 de novembro, e asinado polos tres vicerreitores das tres universidades galegas, entregouse un escrito tanto ao director de I+D+i coma ao secretario de universidades, no que se denuncia a situación de deterioro que a investigación ven padecendo. Non tiveron resposta. As bibliotecas terán aínda menos orzamento e desde a Consellaría requírese "ser máis imaxinativos".

## **Punto 5. Anteproxecto de orzamento e Plano operativo anual 2011**

### **Vicerreitor:**

O orzamento responde á programación plurianual 2011-2013 aprobada polo Claustro.

O orzamentos caen 10 millóns.

O plan de sustentabilidade que tería que aprobarse cos orzamentos adíase ata febreiro. Este plan de sustentabilidade orixina que o orzamento teña un marcado cariz extraordinario. O feito de que as contas sexan controladas pola Consellería de Facenda propicia a perda de autonomía universitaria.

Incrementábase o alumnado pero redúcense os ingresos por matrícula.

2011 sitúase no orzamento de 2008 e, sen aforro e anticipos, no de 2007.

### **Xosé:**

O plan de sustentabilidade non é consustancial ao plan de financiamento 2011-2015 xa que proporciona o acceso a unha partida económica extraordinaria. Polo tanto cámbiase a autonomía universitaria por cartos adicionais.

Cando se pide que non se proporcione públicamente información dos Consellos de Goberno a Institución debe proceder de igual maneira. Sorprende a información pormenorizada realizada no xornal La Voz de Galicia o día 18 onde se intúe unha certa manifestación da Universidade.

O orzamento que se nos presenta incide de novo no que xa se programou en orzamentos de exercicios anteriores. A existencia dun fondo de libre utilización por parte do equipo reitoral que leva consigo situacións como a vivida polo PAS na negociación da RPT e promocións pactadas en 2006, fondo que, dun día para outro, desapareceu. Esta política económica permite ao equipo reitoral establecer as prioridades e como o PAS non entra dentro delas, os cartos xa non existen.

**Vou votar en contra destes orzamentos porque non aseguran que as expectativas e os compromisos do colectivo ao que represento se reflectan neses números.**

**Como vai quedar agora a RPT de PAS Laboral de 2009?.** Agardamos por ela desde fai meses, unha vez aprobados os orzamentos haberá unha previsión ao respecto.

Aínda que a Universidade presentou un voto particular explicando as diferenzas co plan de financiamento votamos a faltar unha actitude máis combativa neste senso, só se manifesta o desgusto dun xeito institucional cando se debería realizar pola totalidade de órganos de representación, a todos os niveis, (sindicais, facultades e escolas...) da Universidade.

Dadas as circunstancias que provoca este orzamento tan restritivo deberíase ter rexeitado.

### **Vicerreitor:**

A Universidade da Coruña, de ningún xeito, vai deixar de dar contas, sería un desplante de tal calado non participar no plan de sustentabilidade que está fóra de toda análise. A Universidade está dentro do sistema e non vai renunciar a partidas adicionais.

No voto particular púidose votar que non, pero isto é absolutamente opinable e pensouse que, o que se fixo, era o máis beneficioso para a institución.

Non hai relación entre o equipo reitoral e a difusión do proxecto de orzamentos, o único que os fixo públicos foi vostede, enténdese que a documentación non ten porque ser restrinxida, o ano pasado foi pública.

Nos anexos fálase de proceso de consolidación do xa contratado, aínda así haberá que agardar o visto e prace da Xunta.

**(Así a RPT de PAS laboral, 17 prazas en 5 anos, terá un custo 0 porque todos os postos a consolidar son de fai anos e derivan de orzamentos anteriores).**

**Felipe:**

O orzamento deste ano require a aprobación previa da Xunta?

Se todos os anos a Consellería autoriza o gasto de persoal, como se vai facer este ano?.

O actual orzamento garante os compromisos acadados co PAS?

Un rogo, que a equipa reitoral aprobe unha RPT de PAS laboral..

O obxectivo ten que ser o de seguir no camiño da converxencia. Todo o que leve por este camiño ten que verse como positivo.

A posición da Universidade debeu ser máis forte pero isto préstase a opinións.

Non comparte o criterio de flexibilización no gasto de biblioteca, nin comparte o criterio de recorte nesta partida.

**Vicerreitor:**

Todos os anos se informa á consellería do orzamento, unha vez aprobado no Consello Social.

Para o gasto de persoal hai un acordo verbal para a súa autorización antes da aprobación.

Si, o actual orzamento garante a execución dos compromisos acadados co PAS.

A RPT condiciónase ao xa indicado, consolidación.

**Vicerreitora Investigación:**

Entende que a flexibilización no gasto de biblioteca é o axeitado, o criterio non pode ser só o de dar máis ao que máis gasta. Hai que repartir dun xeito máis racional.

**Teresa: (Cuestións xa manifestadas na comisión)**

A recadación por matrículas baixou, para compensar isto, a Universidade pensa en retirar a matrícula gratuíta ao persoal alleo á Universidade.

Gasto social, que gastos sociais pasaron ao Capítulo I, e se aquí a matrícula gratuíta será repercutida como pago en especie como xa debería ser.

RPT laboral, aínda sendo representante do PAS funcionario solicita que as persoas con contrato se reflectan as prazas na RPT de PAS laboral.

O proxecto de orzamento debe ser público.

**Vicerreitor:**

O persoal da Consellería de Educación até agora tiñan matrícula gratuíta, isto supón uns 600.000€ anuais, non hai reciprocidade. Hai acordo verbal coas outras universidades para proceder do mesmo xeito.

O persoal propio da Universidade seguirá gozando da gratuidade o que supón uns 300.000€ ao ano. 75.000€ a gardería e 45.000€ o intercambio de PAS. Estas cantidades inclúiranse como ingreso e sempre será proporcional ao número de membros de cada colectivo.

**Apróbase o proxecto de orzamentos por asentimento co voto en contra de Xosé Portela.**

**Punto 6. Proposta de mestrados universitarios para o curso 2011/12.**

**Teresa:**

Non se pode prexudicar aos alumnos. Nos mestrados interuniversitarios, os alumnos que estudan un ano nunha universidade e o seguinte noutra, teñen problemas coas bolsas porque estas concédense por dous anos e varían os códigos.

**Vicerreitora:**

Estase a falar cos coordinadores, os problemas coas bolsas están a solucionarse.

**Punto 16. Quenda aberta de intervencións:**

**Xerenta:**

Seguindo instrucións do vicerreitor de planificación (ausente nese intre), e a raíz da intervención de Felipe, quere agradecer o apoio en todo o plano de financiamento mostrado polo Consello Social.

**Felipe:**

Estado das convocatorias do PAS funcionario. Require que todos os procesos pendentes de cursos non se adíen e se realicen as dúas cousas.

A RPT de PDI debería publicarse unha vez ao ano para coñecer os cambios que se van producindo.

Require á vicerreitora encargada da biblioteca universitaria interface en galego, actualmente na marabillosa páxina que temos aparece unicamente en castelán.

Tamén si se consulta o catálogo de REBIUN cando se preme en galego sae en castelán, aspecto que deberían corrixir as tres universidades.

CITEEC, como indicou Jordi Delgado interesa coñecer o custo da obra e cando se rematará.

**Teresa:**

Manifesta a protesta pola proceso de votación do PAS ao Claustro Universitario, as papeletas (tamaño, cor e non proporcionadas con anterioridade) parecen un insulto, a falta de organización foi outro feito rechamante, precisábanse dúas mesas para facilitar proceso e escrutinio.

O idioma propio da Universidade é o galego, require que se envíe toda a documentación en galego.

Denuncia que o calendario asinado coa Xunta de Persoal para as convocatorias non se cumpre, os grupos A1, A2 e B xa non sairán antes do ano que ven.

**Xosé:**

Quere denunciar, tamén, o proceso de votación ao Claustro, non serve a escusa que a cor das papeletas corresponde co sorteo para que non se confunda coas papeletas de PDI e alumnos. O Pas vota en mesa única e non hai posibilidade de erro. Poderíanse facer as papeletas fotocopiadas en DinA3 en fondo branco, con texto lexible o que facilitaría tanto o voto como o escrutinio, este método facilitaría o feito de proporcionadas con anterioridade.

As listas de agarda non están actualizadas, por exemplo, as de auxiliares de servizo teñen data do 29/11/2010, temos constancia de que se realizaron contratos e as listaxes terían que estar ao día.

**Vicerreitor de profesorado:**

Ao respecto da RPT de PDI a normativa establece que dúas veces ao ano se presentará ao Consello de Goberno dita información, sen ir máis lonxe, dentro dos documentos remitidos para o de hoxe está esa información. O procedemento para PAS non ten porque ser o mesmo que para o resto de sectores.

**Xerenta:**

Estase a traballar na convocatoria de A2 de administración xeral, está ela elaborando o temario porque a Xunta de Persoal non o enviou.

Vaise enviar para a súa publicación o que está acordado.  
Constituíuse, unha vez que hai sentenza, o tribunal de auxiliares administrativos.

Traballase activamente nas convocatorias tanto de PAS funcionario como de PAS laboral.

As listaxes de agarda deberían estar actualizadas.

**Secretario xeral:**

A información a enviar a órganos externos á comunidade autónoma envíase no idioma no que logo se remitirá. Manifesta, tamén, que o castelán non deixa de ser un idioma propio da UDC.

**Vicerreitora de investigación:**

Comprobarase o de Rebiun